




CONQUISTA PISAPOLIS

Os pais de Henrique están a pensar en mudarse a unha localidade máis grande e con máis servizos. Hoxe visitarán Fonte Abeto e, para orientarse mellor, levaron un plano.



1 Observa o plano e indica como é a paisaxe de Fonte Abeto.

- a. Natural.
- b. Humanizada.
- c. De costa.
- d. De interior.

2 Cales dos seguintes servizos ofrece esta localidade?

- a. Un hospital.
- b. Un hotel.
- c. Un parque municipal cunha zona boscosa.
- d. Unha estación.
- e. Un cine.
- f. Un colexio.
- g. Unha piscina municipal.

3 A casa en que vivirían Henrique e a súa familia atópase situada na coordenada A1 do plano. Cunha regra, calcula cantos quilómetros hai entre a súa futura casa e o colexio.


4 Como o colexio está afastado da casa, Henrique terá que ir en autobús. Cantas paradas de autobús hai entre a casa e o colexio? E entre a casa e o centro de saúde?

5 Que podería ter esta localidade para que fose mellor?

Os puntos cardinais

Para poder orientarnos, é dicir, para saber onde se atopa un lugar, usamos os puntos **cardinais**: **norte**, **sur**, **leste** e **oeste**. Nos mapas representáanse sobre un círculo ou coa **rosa dos ventos**. Se queremos saber onde está o norte utilizamos o **compás**.

Rosa dos ventos




O **compás** é un instrumento que ten unha agulla que sempre sinala o norte.



Amplía

O Sol indícanos o norte

Se non temos compás e necesitamos pescudar onde está o norte, só debemos saber que o Sol sae sempre polo leste e que se oculta polo oeste. Entón, se pos os brazos en cruz, de maneira que coa man dereita sinalas o leste e coa esquerda o oeste, estarás mirando directamente ao norte e o sur quedará ás túas costas.



- Pescuda outras formas de orientarte na natureza sen utilizar o compás.



A Terra represéntase en **globos terráqueos** e en **mapamundis** ou **planisferios**.

Os **puntos cardinais** son as referencias que usamos para orientarnos.

1 Cal é a forma que representa a Terra de modo máis exacto e por que?

2 Oriéntate no mapamundi da páxina anterior. Que continente está ao oeste de África? Que océano hai ao leste de Asia?

3 Cal é a diferenza entre un mapa e un mapamundi?

4 En que dirección viaxarías se foses ata América: norte, sur, leste ou oeste?

5 Que son os XPS? Que diferenza hai entre un compás e un XPS?

Como se pode debuxar o noso planeta sobre un papel?

As representacións da Terra

As **fotografías** realizadas desde avións e satélites artificiais, así como outros adiantos tecnolóxicos, permitiron reproducir a Terra mediante globos terráqueos, mapamundis ou planisferios.

- O **globo terráqueo** é unha esfera sobre a que se representa o noso planeta. Ao ser esférico, é a representación da Terra que máis se aproxima á realidade.



- Os **mapamundis** ou **planisferios** tamén representan toda a superficie da Terra, pero fano sobre unha superficie plana.



Os mapamundis adoitan incluír a localización dos océanos e dos continentes.

+ ANEXO PÁXS. 114 E 115, 116 E 117

Planisferio físico.

Planisferio político.